

CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)



CEIP Plurilingüe

OUTUBRO 2023

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

1.2. PRINCIPIOS XERAIS DO PEC

2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

2.2. ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

2.3. DESCRICIÓN DO ENTORNO

2.4. DESCRICIÓN DO EDIFICIO.

2.5. ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAIS QUE O CONFORMAN

3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

3.1. SERVIZOS

3.2. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

3.3. EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES

4. DEPENDENCIAS E ESPAZOS DO CENTRO

5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS

5.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

5.3. HORARIO

6. SINAIS DE IDENTIDADE

6.1. PRINCIPIOS XERAIS DE CENTRO

6.2. PRINCIPIOS XERIAS DAS ETAPAS

6.3. PRINCIPIO PEDAGÓXICOS DAS ETAPAS

7. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO

8. OBXECTIVOS DO CENTRO

8.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

8.2. ÁMBITO HUMANO

8.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL

8.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO

8.5. ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO

9. CONCRECIÓN CURRICULAR

9.1. ADECUACIÓN NA ETAPA DE ED. INFANTIL

9.2. ADECUACIÓN NA ETAPA DE ED. PRIMARIA

9.3. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9.4. OUTRAS CONCRECIÓNS AO NOSO CENTRO.

10. ORGANIZACIÓN DO CENTRO. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

10.1. ORGANIGRAMA

10.2. ÓRGANOS DE GOBERNO

10.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

10.4. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS

10.5. PERSOAL NON DOCENTE

10.6. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN. ANPA

10.7. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

10.8. OUTRAS FUNCIÓNS DOCENTES

10.9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

10.10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

10.11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

10.12. ATENCIÓN SANITARIA

10.13. CENTROS DE RECURSOS DO CENTRO

10.14. XESTIÓN ECONÓMICA.

11. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC

12. ANEXOS – DOCUMENTOS DE REFERENCIA



1. INTRODUCCIÓN

No artigo 121 da LOE e tendo en conta posteriores modificacións introducidas nese artigo, establécese que os centros deberán ter un PROXECTO EDUCATIVO.

O equipo directivo elaborará, en colaboración co profesorado, o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro para unha posterior aprobación

Entendemos o proxecto educativo como o marco regulador e integrador do conxunto de principios, fins, plans e recursos que guían o noso traballo. É polo tanto o documento que expresa os sinais de identidade do centro. É o referente do principio de autonomía pedagóxica e de organización do centro.

O Consello Escolar avaliará o proxecto, sendo a dirección do centro a responsable da súa aprobación.

A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

1.1. MARCO LEGAL

Apoiámonos nunha base normativa

A normativa básica a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema



educativo de Galicia.

- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1.2. PRINCIPIOS XERAIS DO PEC:

Segundo a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o noso Proxecto Educativo de Centro respetará os seguintes principios:

- O cumprimento dos dereitos da infancia, adoptada por Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989.
- A calidade da educación para todo o alumnado, sin que exista discriminación algunha por razón de nacemento, sexo, orixe racial, étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou creencias, orientación sexual, identidade sexual o calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, superando calquera discriminación e actuando como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.
- A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, a través da consideración do réximen da coeducación entre nenos e nenas.
- A preparación para o exercicio da cidadanía.



2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR

2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

- CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez
- Ada. Do Ferrocarril 17-19. 15007 A Coruña
- Teléfono: 881960300/02
- Código de centro: 15024902
- Correo electrónico: ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaoacorunha>

2.2. ORIXE DO CENTRO ESCOLAR

O CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ, que leva por nome o dun famoso escritor e periodista nacido en Coruña. Inagurouse no ano 1985 por el presidente de la Xunta de Galicia, o Excmo. Sr. D. Xerardo Fernández Albor.

2.3. DESCRIPCIÓN DO ENTORNO.

Tratase dun centro de titularidade pública ubicado na cidade de A Coruña, dentro do casco urbano, nunha área de transición entre a Avda do Ferrocarril, a Ronda de Outeiro e a Avda. Enrique Salgado Torres como principais estradas que nos rodean. E dicir, atópase no extremo sur do barrio de Os Mallos-Estación lindando coa segunda fase do Polígono de Elviña, acollendo alumnado maioritariamente da zona onde está enclavado.

Moi preto de nós, atopamos as principais estacións de transporte da cidade como son a estación de tren é a estación de autobuses. Do mesmo xeito estamos rodeados de outros CEIP públicos e dous IES, o de referencia do noso centro “ IES A Sardiñeira” e outro da Deputación.

2.4. DESCRIPCIÓN DO EDIFICIO.


O CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ consta de dous edificios, o edificio de primaria e o edificio de infantil, unidos por una pista deportiva cuberta.

O Edificio de Primaria dispón de cinco plantas de forma rectangular con varios accesos. O acceso principal realízase pola Avda. do Ferrocarril na planta baixa, aínda que tamén hai outras dúas entradas pola zona do patio cuberto na planta soto.


O Edificio de Infantil ten unha forma irregular de tres plantas; ten unha parte rectangular maior onde se atopan todas as dependencias e logo hai outra parte de forma rectangular pero máis pequeno onde se atopa a zona de comunicación das tres plantas, a rampla. O acceso principal é dende a Rúa General Rubín aínda que se pode acceder dende o patio cuberto do edificio principal.

2.5. ASPECTOS SOCIO-ECONÓMICOS E CULTURAIS QUE O CONFORMAN


Cantas persoas forman a unidade familiar?




Cal é o lugar de residencia?




Cal é a lingua habitual?




Cal é o nivel de estudos das/os nais/pais/titores legais?



Cantas/os das/os titoras/es legais traballan na actualidade?



Foille concedida algunha axuda (cheque material escolar / bolsa comedor)?





3. SERVIZOS E RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS

3.1. SERVIZOS

O centro dispón de:

- Servizo de madrugadores e comedor escolar, xestionado a través do ANPA do centro.
- Actividades extraescolares xestionadas tamén polo ANPA do centro.
- Biblioteca escolar (de martes a venres), de 16:00 a 18:00h, xestionada polo profesorado do centro.

O barrio ao que pertence o centro dispón, entre outros, dos seguintes servizos:

- Ambulatorio médico.
- Centro cívico.
- Oficina de Correos.
- IES.
- Transportes públicos.

3.2. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E INSTITUCIÓNS.

3.2.1. Relación coas familias.

Unha das pretensións do centro e do seu profesorado e o mantemento dunha boa relación coas familias, como pilar fundamental para un axeitado funcionamento do centro. Para iso, o centro dispón dun horario de atención para familias tanto pola dirección como o resto de profesorado e dunha representación de familias no Consello Escolar, órgano de voz e voto para as mesmas.

Poderíamos concretar eses horarios de atención en:

- Horario de atención do equipo directivo do centro as primeiras horas da mañá.
- Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividade a celebrar...
- Entrevistas individuais que servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre a situación socioambiental do neno, de saúde, relación cos demais...
- Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanas de tutorías e atención aos pais que quedan establecidas todos os luns lectivos do curso entre as 16,00 h. e as 17,00 h, para tratar temas académicos do propio alumnado.

3.2.2. Relación coa ANPA.

Por outra banda, o centro procura ter relación directa e continua coa ANPA, principalmente a través da presidencia da mesma, na procura de axudar no desenvolvemento de todas as actividades que organizan e realizan no centro e para o centro. Así mesmo, sempre que o solicitamos, contamos coa súa colaboración nalgúns actividades que o profesorado vaia desenvolver.



3.2.3. Relación coas institucións.

Do mesmo xeito, apostamos por manter sempre as mellores relacións posibles coas institucións e entidades coas que nos relacionamos como centro; Consellería, Concello e outras entidades e asociacións, buscando sempre una comunicación fluída e de respecto que sexa beneficiosa para todos.

Correspóndelle como centro de adscrición o IES a Sardiñeira, o cal facilita ao noso alumnado de 6º de primaria unha visita para dar a coñecer a súa oferta pedagóxica, instalacións e establecer un primeiro contacto cos seus futuros compañeiros/as e profesorado. Os DO de ambos os dous centros están en contacto no último curso de primaria, fundamentalmente, coa intención dunha mellor acollida no IES.

3.3. EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO POR PARTE DOUTRAS ENTIDADES

Nas NOF, Art. 213 Procedemento, establecece como proceder para o uso das instalacións do centro. De xeito máis concreto, o colexio está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, coa previa presentación dunha solicitude a dirección do centro, onde se responsabilizan dos posibles danos, gastos e prexuízos que se puidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.



4. DEPENDENCIAS E ESPAZOS DO CENTRO

EDIFICIO PRIMARIA:

PLANTA SOTO

LOCAIS	
Escaleira 1	Almacén 3
Escaleira 2	Almacén Ximnasio
Hall 1	Paso 1
Hall 2	Paso 2
Auxiliar(Almacén	Paso 3
Sala Caldeira	Aseo nenos
ANPA	Aseo nenas
Almacén 1	C.Contadores elec.
Almacén 2	

PLANTA BAIXA

LOCAIS	
Zaguán 1	Aseo nenas
Zaguán 2	Almacén limpeza
Cortaventos 1	Aseo Profesores
Cortaventos 2	Hall comedor
Porche cuberto 2	Office
Escaleira 1	Comedor 1
Hall E.1	Comedor 2
Escaleira 2	Sala de profesores
Hall E.2	Biblioteca
Paso 1	Administración/ Secretaria/XE
Conserxería	Dirección
Aula Informática Infantil	A.Taller Infantil
Aseo nenos	Aula 5 anos A
	Aula 5 anos B

PLANTA PRIMEIRA

LOCAIS	
Paso	Aula
Escaleira 1	Aula
Hall E.1	Aula
Escaleira 2	Aula
Hall E.2	Aula
Aula de Música	Titoría.
Aula Apoio PT	Aula Inglés
Aula	Aseo alumnos 1
Aseo alumnas 1	Aseo profesores 2
C.Limpieza	Aula Apoio AL
Titoría. Aula Apoio PT2	

PLANTA SEGUNDA

LOCAIS	
Paso	Aula
Escaleira 1	Aula
Hall E.1	Aula
Escaleira 2	Aula
Hall E.2	Aula
Aula 5A	Aula de convivencia.
Despacho Ed.Física	Aula Informática
Aula 3B	Aseo alumnos 2
Aseo alumnas 2	Aseo profesores
C.Limpieza	Orientación
Titoría. Aula Apoio AL	

PLANTA BAIXO CUBERTA

LOCAIS	
Escaleira 1	Almacén 3
Hall E.1	Almacén 4
Escaleira 2	Ximnasio
Hall E.2	Paso 2
Paso 1	Aseo adaptado
Almacén 1	Salón de Actos
Almacén 2	

EDIFICIO DE INFANTIL:
PLANTA BAIXA

LOCAIS	
Escaleira 3	Caldeira
Hall 1	Depósito
Paso 1	Aula Infantil
Hall 2	Aseo I. Aula
Paso 2	Aula Infantil
Titoría 1	Aseo I. Aula
Aseo Mestras	

PLANTA PRIMEIRA

LOCAIS	
Paso 3	Aula Infantil
Paso 4	Aseo I. Aula
Paso 5	Aula Infantil
Hall	Aseo I. Aula
Titoría	

PLANTA SEGUNDA

LOCAIS	
Paso 6	Aseos
Hall 1	Ximnasio Infantil
Hall 2	

5. CARACTERÍSTICAS ACADÉMICAS

5.1. UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO

CATÁLOGO DE CENTROS (DOG 04/07/2008) - ORDE do 18 de xuño de 2008														
SEGUNDO CATÁLOGO	UNIDADES			POSTOS DE TRABALLO DO PROFESORADO										
	INF	PRIM	TOT	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	Rx	TOTAL
	6	12	18	8	11	2	1	1	2	1	1	1	1	1

O número de alumnado total del centro oscila entre os 430 e 450 alumnos/as dependendo do curso. A maior parte vive no entorno do centro. Temos un porcentaxe cada vez maior de alumnado estranxeiro que normalmente se vai incorporando ao longo do curso.

Do mesmo xeito vaise incrementando o alumnado con NEE e NEAE, o que nos obriga a solicitar cada vez máis, recursos a Consellería para a súa atención, recursos que non sempre son suficientes.

5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

Ao final dun curso o profesorado que compón a CCP reúne cos titores/as que coñecen ao alumnado que termina ciclo e fan os novos agrupamentos co obxectivo de favorecer o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.

Nas NOF do centro poderemos atopar os criterios de agrupamentos:

- Art. 139 Criterios de agrupamentos en infantil
- Art. 140 Criterios de agrupamentos en primaria.

5.3. HORARIO

CADRO HORARIO LECTIVO e de ACTIVIDADES.	Entrada/Saída
Etapa de Educación Infantil	09.00 - 14.00h
Etapa de Educación Primaria	09.00 - 14.00h
Madrugadores	7.30- 9.00h
COMEDOR	13.50 - 16.00h
Actividades Extraescolares (de outubro a maio, de luns a venres)	16.00 - 18.00h
Tardes de Biblioteca (de outubro a maio, de martes a venres)	16.00 - 18.00h

6. SINAIS DE IDENTIDADE

Veñen determinadas polos principios, que son as ideas fundamentais que debemos ter en conta para axudar a que o noso alumnado logre os obxectivos e desenvolvan as súas capacidades e competencias.

6.1. PRINCIPIOS XERAIS DO CENTRO.

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado e o esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non- violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- A comunicación e intercambio continuado de información coas familias como ferramenta de coñecemento e mellora no aprendizaxe do noso alumnado.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

6.2. PRINCIPIOS XERAIS DAS ETAPAS.

6.2.1. Ed. Infantil.

- A contribución ao desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado, así como a educación en valores cívicos para a convivencia. Tendo en conta o carácter voluntario desta etapa.
- A cooperación estreita coas familias no desenvolvemento dos seus dereitos e obrigas para o cumprimento da súa responsabilidade fundamental como pais e nais ou titores legais.
- A programación, xestión e desenvolvemento do ensino atendendo á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económico teñen na aprendizaxe e evolución infantil.
- A detección precoz, sempre que sexa posible, e atención temprana de necesidades específicas de apoio educativo.

6.2.2. Ed. Primaria

- A integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global adaptándonos, na medida do posible, aos seus ritmos de traballo.
- O fomento do coñecemento e valoración de valores e normas de convivencia, actuando de acordo a elas para un exercicio activo na cidadanía, respectando os dereitos humanos, así como o pluralismo propio de unha sociedade democrática.
- A adquisición de habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- O coñecemento, comprensión e respecto ás diferentes culturas e ás diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para o aprendizaxe.

6.3. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS DE ETAPA.

6.3.1. Ed. Infantil.

- Relacionarse cos demais en igualdade, adquirindo progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- A promoción e aplicación de normas sociais que promovan a igualdade de xénero.
- A atención ao desenvolvemento afectivo, a xestión emocional, o movemento e os hábitos de control corporal e de comunicación e linguaxe.
- Educar en valores.
- O traballo na adquisición dunha maior autonomía persoal mediante experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas.

6.3.2. Ed. Primaria

- Garantir a inclusión educativa, nunha maior atención personalizada ao alumnado e as súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia.
- A prevención de dificultades de aprendizaxe e posta en práctica de mecanismos de

refuerzo.

- O potenciamento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a competencia dixital
- O traballo de xeito transversal a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para un consumo responsable e a educación para a saúde.
- A atención da educación emocional e en valores e á potenciación do aprendizaxe significativo para o desenvolvemento de competencias que promovan a autonomía e a reflexión.
- A avaliación do alumnado será de xeito continuado e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- A realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, segundo as posibilidades do centro.

7. FINS EDUCATIVOS DO CENTRO.

Entendendo por fins as metas que queremos acadar.

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades e na igualdade e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira.
- A preparación para o exercicio de cidadanía con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

8. OBXECTIVOS DO CENTRO

Entendendo por obxectivo a formulación precisa dos fins que pretendemos no resultado final do noso proceso de ensino-aprendizaxe no alumnado en diferentes ámbitos.

8.1. ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Adecuar de xeito flexible o noso proxecto educativo no seu conxunto e os distintos plans que o conforman á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado e a sociedade.
- Establecer a nosa autonomía para adecuar as nosas actuacións organizativas e curriculares no marco normativo de acordo co contexto e os sinais de identidade do noso centro.
- Fomentar a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa a través de actuacións precisas que integren a participación da comunidade educativa.
- Fomentar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa
- Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora e activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.

8.2. ÁMBITO HUMANO

- Considerar a función docente como factor esencial da calidade da educación.
- Promover a corresponsabilidade da familia no desenvolvemento da nosa proposta educativa.
- Desenvolver no alumnado actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- Educar na integración e a igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles na sociedade.
- Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Educar para un consumo responsable.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado

8.3. ÁMBITO INSTITUCIONAL.

- Implicar a participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.
- Cooperar e colaborar activamente con institucións orientadas ao desenvolvemento de principios e valores compartidos.
- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.

- Manter contacto co IES a Sardiñeira como centro de referencia para o noso alumnado.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, en colaboración co CFR de referencia e fundamentalmente no propio centro.
- Colaborar co Concello nas actividades organizadas e ofertadas ao centro.
- Manter comunicación constante coa Consellería de Educación para mellorar as necesidades do centro.

8.4. ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre o centro e o resto da comunidade educativa.

8.5. ÁMBITO DE PLURILINGÜISMO

Atendendo as necesidades da sociedade que demanda persoas críticas e ben informadas, con capacidade para traballar en equipo, creativas e comprometidas cos dereitos humanos e a convivencia, o profesorado de todas as áreas desenvolverá actividades que axuden ao alumnado a:

- Comprender e interpretar textos orais e escritos, identificando o sentido xeral e a información máis relevante para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Producir textos orais e escritos, con coherencia e claridade para expresar ideas, sentimentos e conceptos.
- Construír coñecemento, fomentando a creatividade e progresando na adquisición da competencia de aprender a aprender.
- Establecer relacións interpersoais baseadas na empatía e o respecto, brindando de ferramentas para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos.
- Conseguir que ao remate da educación primaria o alumnado teña un dominio do galego e do castelán que lle permita comunicarse en ambas as dúas linguas por un igual.
- Así mesmo, fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...

9. CONCRECIÓN CURRICULAR

9.1. ADECUACIÓN NA ETAPA DE ED. INFANTIL.

No DECRETO 150/2022, do 8 de setembro no seu Art. 7 poderemos atopar os obxectivos de Ed. Infantil e no seu Artigo 9. as áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil que son:

- a) Comunicación e Representación da Realidade.

- b) Crecemento en Harmonía.
- c) Descubrimiento e Exploración da Contorna

Tal e como recolle o Artigo 12. O centro completará a súa proposta pedagóxica, a través das programacións didácticas reguladas no artigo 14.

A Atención á diversidade, recollida no Art. 9, constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado, identificando as características que poidan ter incidencia na evolución escolar do alumnado co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.

Respecto a avaliación, segundo o Artigo 20, o profesorado utilizará instrumentos de avaliación variados e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. A observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación.

Promoverase unha primeira aproximación á lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual en colaboración co a biblioteca escolar; artigo 29.

A Educación dixital, Art. 30, a través do plan dixital do centro, pretenderá mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado nestas idades.

As ensinanzas de relixión incluíranse no segundo ciclo da educación infantil, de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por último o centro pretenderá que o alumnado desenvolva de maneira equilibrada a súa competencia nas distintas linguas.

9.1.1 DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS.

Segundo o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil

1. O horario entenderase como a distribución en secuencias temporais das actividades que se realizan nos distintos días da semana, tendo en conta que todos os momentos da xornada teñen carácter educativo.
2. O horario escolar organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá propostas de aprendizaxe que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividade, con períodos de xogo e de descanso en función das necesidades do alumnado.
3. Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e as necesidades das nenas e dos nenos.
4. As actividades escolares desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco

horas semanais

9.1.2. IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS

Tal como se recolle no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, e unha vez realizada a consulta aos pais non vinculante como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a lingua a empregar será o castelán, sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo citado.

No ano 2019/20 incorporámonos ao programa de plurilingüismo (Plurin infantil) polo que se estamos a dedicar en cada grupo unhas horas (Música, inglés e informática) na que empregamos a lingua estranxeira (inglés) como lingua vehicular. E para iso, contamos coa axuda, sempre que é posible, dunha Aux. de conversa durante unha sesión por grupo á semana. As tarefas que realizamos intégranse nas levadas a cabo nas titorías.

9.1.3. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Potenciar os intercambios comunicativos respectuosos.

- CP-Competencia plurilingüe.

Fomentar no alumnado actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística.

- STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Iniciar ao alumnado nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo.

- CD-Competencia dixital.

Acceder á información e á comunicación de contidos a través de medios dixitais, facendo uso responsable das ferramentas dixitais

- CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Iniciarse no recoñecemento, expresión e control das súas propias emocións e sentimentos e dos demais.

- CC-Competencia cidadá.

Favorecer actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia.

- CE-Competencia emprendedora.

Estimular a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición á indagación para favorecer o desenvolvemento persoal.

- CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Fomentar a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas.

9.1.4. METODOLOXÍA XERAL

O método de traballo basearase nas experiencias, as actividades e o xogo manipulativo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social. Propoñemos unha metodoloxía que axude aos alumnos/as a pensar por si mesmos, sendo o profesorado o guía na construción de coñecementos.

A nivel particular, cada mestra levará a cabo na súa aula a súa metodoloxía específica baseada en proxectos ou unidades de traballo. Sempre traballando en torno a un centro de interese.

A relación familia-escola permitirá a cooperación estreita coas familias con obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais, pais ou tutores nesta etapa, e co resto da comunidade. Faranse reunións cos pais e o intercambio de información levarase a cabo a través de entrevistas persoais (1 hora semanal de atención ás familias), a través de informes individualizados, aula virtual ou "AbalarMóbil" (aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos entre as que se atopa, por exemplo: solicitar unha cita de tutoría ou xustificar as faltas de asistencia, entre outras). Así mesmo, as familias poderán acceder ao blogue de Educación Infantil da páxina web do centro, onde atoparán recursos e actividades que se están a levar a cabo na etapa.

9.1.5. AVALIACIÓN

- Concíbese como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo; realizarase de forma continua e considerárase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas/as, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións individuais e colectivas.
- As principais técnicas e fontes de información deste proceso serán a observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas/os e as entrevistas coas familias ou tutores legais, a quen se lles comunicará as consideracións derivadas do proceso de avaliación co obxectivo de facelos copartícipes do proceso educativo dos seus fillos/as.
- Terá tres características: global, continua e formativa; o que nos permitirá avaliar o proceso na súa globalidade e analizar os cambios que se produzan.
- Os referente que se terá en conta para avaliar será o desenvolvemento das capacidades dos nenos de acordo coas finalidades da etapa.
- Avaliarase tendo en conta tres momentos:
 - Inicial: ao comezo do curso para coñecer as ideas previas, facendo fincapé na atención á detección de necesidades específicas de apoio educativo.
 - Continua: recollendo información ao longo de todo o proceso educativo.
 - Final: con carácter formativo que valore todo o proceso de maneira global, coñecendo o grao de adquisición das capacidades propostas e os logros conseguidos.

9.2. ADECUACIÓN NA ETAPA DE ED. PRIMARIA.

Referenciando o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, a educación primaria, é unha etapa educativa básica que comprende tres ciclos de dos cursos académicos cada uno, organizado en áreas cun carácter global e integrador, orientadas ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado e poderán organizarse en ámbitos e áreas, sendo as áreas, Art 9:

- a) CC. da Natureza.
- b) CC Sociais.

- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica e Visual.
- e) Lingua Castela e Literatura.
- f) Lingua Extranxeira.
- g) Lingua Galega e Literatura.
- h) Matemáticas.
- i) Música e Danza.

As áreas incluídas no punto anterior engadirase en sexto curso:
– Educación en Valores Cívicos e Éticos.

No noso centro desenvolveremos o currículo de primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas anuais para cada una das áreas ou ámbitos

Trataremos, como contidos de carácter transversal, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, e a competencia dixital, en todas as áreas. Do mesmo xeito que promoveremos a igualdade, a educación para a paz, para un consumo responsable e a educación para a saúde

Facilitaremos a coordinación entre etapas con reunións trimestrais entre o profesorado de infantil e primaria. Do mesmo xeito, a través do DO do centro, haberá comunicación co IES adscrito ao noso centro, desta maneira, no terceiro trimestre o alumnado poderá coñecer o seu posible futuro centro educativo, e por outra banda o profesorado do IES poderá familiarizarse progresivamente ao seu futuro alumnado.

Nesta etapa, a orientación e a acción tutorial acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, coordinando a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo.

No relativo á atención á diversidade poñeremos máis atención na diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

Destacamos do Art. 21 que a avaliación do noso alumnado será global, continua e formativa, tendo en conta que se o progreso non é o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Ditas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación promovemos o uso xeneralizado de instrumentos variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo el alumnado.

No referente ao alumnado con adaptación curricular seguiremos as adaptación

curriculares aprobadas sen que isto poida impedirlle ao alumnado a promoción ao curso ou etapa seguinte.

E por iso que tal e como recolle o Art. 22. o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado ao final de segundo, cuarto e sexto curso da etapa. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar os aprendizaxes que non houbera alcanzado no curso anterior. Do mesmo xeito que o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

9.2.1 DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS.

Segundo o DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria, o horario semanal é o seguinte:

MATERIAS E ÁREAS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Educación física	2	2	2	2	2	2
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias da natureza	3	2	3	2	3	2
Relixión/Proxectos competencias	1	1	1	1	1	1
Educación en valores Cívicos e Éticos	-	-	-	-	-	1
TOTAL	25	25	25	25	25	25

9.2.2. IDIOMA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS

No curso 2019/2020 incorporámonos á Rede de Centros Plurilingües na que implementaremos a materia de música en inglés en 1º e 2º de primaria, mentres que en 3º, 4º, 5º e 6º é en educación plástica e visual a área na que se utilizará como lingua vehicular o inglés.

Comezamos por primeiro de primaria, e incorporaremos un curso cada ano ata que esté implantado en toda a etapa educativa no ano académico 2024/2025.

Segundo dita o Artigo 6º do Decreto 79/2010 de plurilingüismo no, seu punto 4, e tendo en conta as materias troncais cuxo idioma de impartición establécense no punto 3, así como as especificidades idiomáticas establecidas no parágrafo anterior, seguiuuse o procedemento establecido no regulamento de centros, decidíndose as materias que se impartirán en galego e en castelán, garantindo una distribución proporcional, e quedando como a continuación se indica:

ÁREA	GALEGO	CASTELÁN
MÚSICA e DANZA*	X	
EDUCACIÓN PLÁSTICA e VISUAL **	X	
EDUCACIÓN FÍSICA		X
RELIXIÓN	X	
PROXECTOS COMPETENCIAIS	X	
EDUCACIÓN EN VALORES SOCIAIS E CÍVICOS***		X
LINGUA GALEGA E LITERATURA	X	
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		X
MATEMÁTICAS		X
CIENCIAS SOCIAIS	X	
CIENCIAS DA NATUREZA	X	

* Inglés en 1º e 2º de primaria, en galego no resto da etapa

**En galego en 1º e 2º, e en inglés no resto da etapa.

***Só en 6º de Ed. Primaria.

9.2.3. CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- CCL: competencia en comunicación lingüística.

Facilitaremos a interacción de forma oral e escrita en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos como base para o pensamento propio.

- CP: competencia plurilingüe.

Utilizaremos distintas linguas, orais o signadas para o aprendizaxe e a comunicación

- STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Desenvolveremos o razoamento matemático para solventar problemas en diferentes contextos, entendendo o entorno natural e social. Para iso utilizaremos o conxunto de coñecementos e metodoloxías que posibiliten a transformación de xeito responsable da nosa sociedade.

- CD: competencia dixital.

Usaremos as tecnoloxías dixitais para un aprendizaxe responsable que mellore a nosa participación e interacción na sociedade.

- CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Desenvolver estratexias que contribúan a un mellor benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, corresponsabilidade.

- CC: competencia cidadá.

Traballaremos a comprensión dos conceptos e estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, fomentando valores propios dunha cultura democrática baseada no respecto dos dereitos humanos.

- CE: competencia emprendedora.

Aporta estratexias para unha toma de decisións baseadas na información e no coñecemento para levar ideas a acción mediante a planificación e xestión de diferentes proxectos.

- CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais

Traballar a comprensión e respecto de ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de unha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

9.2.4. METODOLOXÍA XERAL

Baseándonos na definición que nos ofrece o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a metodoloxía didáctica é “o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados”.

Polo tanto, deberanse ter en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

- No primeiro ciclo de Educación Primaria:
 - Partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, é dicir, coñecer o seu nivel de desenvolvemento cognitivo, motriz e afectivo-social (Piaget).
 - Partir do nivel de coñecementos: Zona de Desenvolvemento Próximo (Vigotsky).
 - Asegurar a construción de aprendizaxes significativas: vínculos entre os novos contidos e os que xa posúe (Ausubel).
 - Potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe: aprender a aprender, dotando ao alumnado das estratexias necesarias.
 - Promover a actividade-interactividade por parte do alumnado: establecendo relacións entre o novo contido e os esquemas existentes (manipulativo, sensorial).
 - Favorecer as comunicacións interpersoais: socialización.
 - Partir da diversidade da aula: individualización.
 - Perspectiva globalizadora: desenvolvemento en espiral e globalización.
 - Carácter lúdico das actividades de ensino-aprendizaxe: xogos, materiais, novas tecnoloxías.
 - Centros de interese: Decroly, aprendizaxe globalizador (alimentación...).
 - Tema ou tópicos: actividades diversas cun tema común (o barrio, o Nadal...).
 - Recunchos de traballo: organización da aula.

- Talleres.
- Metodoloxías investigadoras: parten de problemas concretos e teñen un carácter de descubrimento.
- Proxectos de traballo: as actividades viran ao redor dun proxecto (preparar unha festa ou excursión...).

A metodoloxía será activa e participativa, xa que o alumnado aprende facendo e sendo protagonista activo da súa propia aprendizaxe, en base ás orientacións do profesor/a (procura de información, agrupamentos flexibles, traballo individual, esforzo persoal).

Teremos en conta a individualización, xa que cada alumno/para é diferente aos demais, ten un ritmo de aprendizaxe e asimilación, todo repercute na súa forma de traballo.

Traballarase a interdisciplinidade, abarcando contidos doutras áreas. Á hora de levar a cabo as actividades, teranse en consideración os principios de Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Trátase dun enfoque didáctico no cal se prima a flexibilización do currículo para que sexa aberto e flexible desde o principio, podendo realizar os axustes necesarios para que todo o alumnado poida participar no proceso de ensino-aprendizaxe. Mediante estes principios preténdese eliminar as barreiras de aprendizaxe, ao acceso á información e á expresión e ter en conta o comportamento emocional e afectivo na aprendizaxe.

Estes principios son os seguintes:

- Proporcionar múltiples formas de representación, adaptando textos a fácil lectura utilizando pictogramas ou imaxes, ofrecendo claves visuais, táctiles e/o auditivas, e favorecendo a manipulación de obxectos.
 - Proporcionar múltiples formas de acción e expresión, utilizando técnicas como a titoría entre iguais, aprendizaxe cooperativa, incluíndo estratexias de autoavaliación e desenvolvendo diferentes intelixencias ou talentos múltiples.
 - Proporcionar múltiples formas de implicación na práctica docente, permitindo que o alumnado participe no deseño das actividades, organizando tarefas en grupos cooperativos, creando un clima de apoio e aceptación na aula.
- No segundo ciclo de Educación Primaria:

A metodoloxía será principalmente activa, baseada na observación e o descubrimento, a

través de traballos de investigación e fomentando o traballo colaborativo.

Prestarase especial atención ao eficaz desenvolvemento tanto das competencias como dos elementos transversais.

Ao mesmo tempo poñeranse en valor as actividades relacionadas co Proxecto lector do centro co obxectivo de mellorar as competencias de comprensión lectora do alumnado.

Para atender á diversidade darase unha atención o máis individualizada posible implementando as medidas de reforzo educativo tales como: adaptación da organización espacial da aula e das distintas probas, aumentar o tempo da súa realización...ao tempo que se colaborará de forma estreita cos mestres/as especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Finalmente buscarase que todo profesorado que imparte no mesmo nivel siga unha mesma liña metodolóxica para evitar desfases curriculares ou metodolóxicos dentro do mesmo curso.

- No terceiro ciclo de Educación Primaria:
 - Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Para favorecer e integrar os elementos do currículo se desenvolverán actividades que os relacionen coa vida real do alumnado.
 - Ao tratarse de cursos incluídos no programa Edixgal, se traballará dende a base das novas tecnoloxías, empregando recursos dixitais existentes e outros creados para favorecer as aprendizaxes. Se terán en conta os diferentes ritmos e preferencias do alumnado, ofrecendo actividades de xeito gradual e favorecendo a súa autonomía e a capacidade de aprender por si mesmo.
 - Se potenciará o traballo colaborativo e en equipo e a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. A través do traballo en grupo se respectarán os diferentes ritmos e se promoverá a axuda entre iguais, sen prexuízo do apoio individualizado que poidan requirir algúns nenos e nenas.

9.2.5. AVALIACIÓN

Os referentes para a valoración do grado de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación reflectidos no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria, concretados posteriormente nas programacións didácticas do profesorado para cada unha das áreas ou ámbitos, se fora o caso.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos en dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, tendo en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu su progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Nun contexto de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna/o non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

O equipo docente, coordinado polo/a titor/a do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao final do período lectivo do curso académico.

9.2.6. PROMOCIÓN

Ao remate dos cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa, e a consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Se temos alumnado promocionado con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios, segundo as posibilidades do centro, para recuperar os aprendizaxes que non houbera acadado no curso anterior. No caso de que aprobe algunha área suspensa no curso seguinte, considerase recuperada a anterior.

O alumnado que non consiga a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida é de carácter excepcional e se tomará si, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes e adecuadas para atender el desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nestes casos, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, o/a alumno/a poida acadar o grado de adquisición das competencias clave correspondentes.

A decisión de permanencia no mesmo curso soamente poderá adoptarse unha vez durante a etapa, tras oír á nai, pai ou titor/a legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

9.2.6.1. Criterios de Promoción (2º, 4º e 6º curso)

- Se ten todas as áreas aprobadas promociona automaticamente.
- Un alumno/a con áreas suspensas que xa repetiu na etapa promocionará automaticamente, elaborándolle unha ACI se procede.
- Se suspende unha lingua ou matemáticas promociona, coa elaboración dun plan de recuperación.
- Se suspende unha lingua ou matemáticas e outra área promociona, coa elaboración dun plan de reforzo, recuperación ou apoio.
- Se suspende tres áreas e non ten repetido, non promocionará, salvo que o titor/a, escoitado o equipo de profesorado considere o contrario, tras valorar o esforzo, madurez e conveniencia de non permanecer un ano máis no mesmo curso. Será necesaria a elaboración dun plan de reforzo, recuperación ou apoio.
- Se suspende unha lingua e matemáticas sen ter repetido, non promocionará, salvo que o titor/a, escoitado o equipo de profesorado considere o contrario, tras valorar o esforzo, madurez e conveniencia de non permanecer un ano máis no mesmo curso. Será necesaria a elaboración dun plan de reforzo, recuperación ou apoio.

9.3. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade é unha realidade no noso centro que ven derivada da singularidade biopsicolóxica, social e cultural de cada un dos membros que compoñen o marco no que se desenvolve o proceso educativo entendido baixo o prisma dos principios e fins establecidos pola nosa Comunidade Autónoma na lexislación vixente.

As accións previstas neste apartado atópanse no Plan Xeral de Atención á Diversidade e no Plan Anual de Atención á Diversidade elaborados polo centro en decembro de 2022.

Neste marco educativo temos como finalidade:

- Contribuír co noso traballo a un dos obxectivos estratéxicos que marcou o Consello da Unión Europea o 12 de maio de 2009 que é a promoción da equidade, a cohesión social e a cidadanía activa.
- A inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade.
- A diversidade coma un valor e un enriquecemento para as persoas que formamos parte do contorno educativo do centro e, por extensión, ao resto da sociedade.
- Responder adecuadamente á diversidade do noso alumnado, segundo a súa realidade individual, única e identitaria.

- A equidade na educación, como eixo a atención integral do alumnado. Esta comeza coa identificación e detección temperá das necesidades específicas de apoio educativo, tratando de evitar desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos, de xénero ou de calquera outra índole.
- Entender o currículo nun sentido amplo, onde os obxectivos, os contidos, as competencias, a avaliación contribúan á formación de cidadáns.
- Vincular toda a normativa e documentos do centro para unha maior atención á diversidade no centro.
- Facilitar a comunicación do Departamento de Orientación, a Tutoría, o Equipo Directivo, o Consello Escolar, as ANPA, a Inspección educativa e os EOE para o desenvolvemento de accións conxuntas destinadas á redución das desigualdades e na procura da cohesión socio-educativa.
- Facilitar que cada alumno/a desenvolva e adquire en igualdade de condicións e oportunidades, as capacidades e recursos necesarios co apoio á labor educativa do profesorado.

9.4. OUTRAS CONCRECIÓNS AO NOSO CENTRO

9.4.1. RELIXIÓN

Como centro de titularidade pública, maniféstase aconfesional e respetuoso con todas as crenzas segundo os principios constitucionais do Estado.

Garantízase que as familias do alumnado comuniquen a súa vontade a recibir ou non, ensinanzas de relixión conforme a normativa vixente.

9.4.2. PROXECTOS COMPETENCIAIS

Terá un plantexamento aberto que permita ao profesorado un marco amplo de posibilidades de concreción para axustarse ás necesidades do alumnado destinatario e á realidade do entorno do centro docente.

A través da realización de proxectos significativos para o alumnado fomentaremos o desenvolvemento das competencias transversais. Deste xeito, poderá configurarse como un traballo monográfico, un proxecto interdisciplinario ou de colaboración, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade.

Para iso o profesorado buscará reforzar a comunicación na aula fomentando o discurso na exposición do traballo utilizando diferentes medios ou soportes de apoio como os audiovisuais ou dixitais.

O currículo da área é común para todos os cursos da etapa, polo que o profesorado terá que adecuar as propostas ao nivel e idade do alumnado buscando unha progresividade no conxunto dos cursos da etapa.

No primeiro ciclo, o proxecto estará vinculado á contorna máis próxima ao alumnado, aproveitando as características das proximidades do centro educativo, comezando neste curso 2022/2023 cun proxecto sobre o tren, e propondo nos sucesivos cursos temáticas concretas estreitamente vinculadas á vida cotiá do alumnado, tendo en conta as súas características psicoevolutivas.

Independentemente da temática do proxecto, no primeiro ciclo é importante adoptar un enfoque específico para avaliar as capacidades e actitudes que ten o alumnado para o traballo en equipo, como un punto de partida fundamental para o desenvolvemento dos proxectos nos seguintes cursos. As metodoloxías principais serán, por tanto, o traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, a aplicación de estruturas cooperativas sinxelas, traballo por proxectos, introdución á investigación e indagación e gamificación.

No segundo ciclo o noso será un proxecto que implique poñer en práctica habilidades de distintas disciplinas ou áreas para acadar un resultado final baseado na contorna próxima con relevancia social. Poñerase en valor o traballo das habilidades relacionadas coa competencia mediática e informacional. (ALFIM/AMI)

No terceiro ciclo, se desenvolverá tendo como eixo principal as TIC, aproveitando os recursos dispoñibles, xa que estes cursos participan no programa Edixgal.

9.4.3 EDUCACIÓN EN VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

O enfoque desta área vai orientado ao exercicio crítico e responsable do alumnado de xeito que contribúa á súa educación integral. Para iso o seu desenvolvemento como área estará baseado en catro obxectivos fundamentais:

1. Autoconecemento e desenvolvemento da autonomía persoal.
2. Comprensión e compromiso cos principios, normas e valores democráticos.
3. Adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade do entorno
4. Educar as emocións.

9.4.4. EQUIPO DE BIBLIOTECA.

O centro conta cunha biblioteca escolar chamada “Moisés Gómez” que é o instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura, como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre o alumnado, profesorado e familias que facilita a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

Polo tanto o noso Equipo de Biblioteca impulsa o aproveitamento dos recursos que ofrece a biblioteca e elabora a programación e plan anual lector que contén a PXA. Ademais desenvolve programas para a mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe e á adquisición das competencias clave do alumnado e contribúe a que o perfil de saída do alumnado, sexa o adecuado para exercitar as competencias intelectuais e emocionais para convivir e construír cidadanía.

9.4.5. O FOMENTO DO GALEGO

Reflectidas as respostas das familias no uso da lingua, recollidas no Plan do Uso do Fomento do Galego, a lingua maioritariamente empregada polas familias é o castelán.

Partindo entón da súa lingua materna introduciremos paulatinamente, en función das idades, o galego, fomentando o seu uso de xeito sobre todo oral con diversas actividades como o Samaín, o Magosto, o Día de Rosalía, o Entroido, as Letras Galegas e o outros proxectos en colaboración coas familias.

O profesorado emprega o galego nas áreas que establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, pero non hai unha obrigatoriedade no uso da lingua de comunicación entre o profesorado e alumnado e tampouco o hai nas interaccións entre o profesorado.

Úsase o galego na documentación administrativa e informacións internas do centro. Todas as comunicacións escritas con alumnado, familias e institucións tamén se fan en galego.

9.4.5. AS NOVAS TÉCNOLOXÍAS NAS AULAS.

O centro incorpora o uso das TIC en todos as etapas, ciclos e niveis educativos, aproveitando os recursos existentes no centro.

Formamos parte do proxecto E-Dixgal nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria.

9.4.6. OUTROS PROXECTOS PROPIOS DE CENTRO

9.4.6.1. PROXECTO DE EDUCACIÓN VIARIA.

Dende o ano 2015-2016 estamos a desenvolver no centro un proxecto de Ed. Viaria no que toda a comunidade educativa, especialmente alumnado e profesorado, a través de diferentes actividades participan activamente na divulgación e posta en práctica dun plan de mobilidade no percorrido por todo o colexio, e a súa contorna, cos seguintes obxectivos principais:

- Coñecer a contorna física da localidade en relación co tráfico, e desenvolver hábitos de conciencia cidadá referidos á circulación.
- Coñecer as normas de circulación peonil e adquirir hábitos de comportamento e prudencia no uso das vías públicas urbanas e interurbanas como peón, identificando os seus diferentes elementos e características.
- Aumentar de forma progresiva o coñecemento da contorna, e desenvolver hábitos de orientación e nocións espaciais básicas e aplicativas.
- Valorar a importancia que ten o respecto das normas e sinais de tráfico.

9.4.6.2. ROXECTO DO HORTO ESCOLAR.

Comezamos neste curso 2022-23 cun proxecto que implicará a todo o centro educativo, no que o noso alumnado poderá ter relación directa coa terra e cos seus propios cultivos.

O obxectivo fundamental do proxecto é aumentar a conciencia da relación estreita entre a saúde e a boa alimentación, e para iso poñeremos énfase no emprego coidadoso da auga, na compostaxe e na reciclaxe.

9.4.7. OUTROS PLANS EDUCATIVOS

O colexio recollera nos seus diferentes documentos de centro, co obxectivo de reforzar e complementar o aprendizaxe curricular do alumnado, así como as súas competencias nas diferentes etapas e ciclos de ensino, os seguintes plans:

- Plan de lectura. (Responsable: titor/a de aula)
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/system/files/u2/pdf%20p%20ector%202020%20final.pdf>
- Plan de biblioteca . (Responsable: Coordinadora de biblioteca escolar)
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/system/files/u2/Plan%20Biblioteca%20final%202020.pdf>
- Plan dixital. (Coordinador das TIC do centro)
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/system/files/Plan%20Dixital.%20Xu%C3%B1o%202022.pdf>
- Plan de actividade física e hábitos saudables. (Coordinadora do Departamento de EF)

Na actualidade temos todo os plans elaborados e desenvolvéndose no centro escolar, agas o Plan de actividade física e hábitos saudables que estamos elaborando para a súa posta en marcha ao longo do primeiro trimestre deste curso escolar 23-24.

A distribución e temporalización deste novo plan, exige unha pequena reorganización de espazos e tempos de actividade, polo que reestructuramos a distribución horaria do desenvolvemento do Plan Lector do centro nas dúas etapas de xeito que:

- Ed. Infantil:
 - Continúase co plan lector ao menos 15 minutos diarios, pero encaixados ao longo do día, segundo o criterio das titoras. O alumnado estará acompañado polas titoras durante estas actividades.
- Ed. Primaria:
 - O profesorado dos diferentes grupos de primaria adicarán un tempo específico a 3º e /ou 4 hora no desenvolvemento dalgunha das áreas para o fomento e promoción da lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción da información.

Mentras que o diseno do plan de actividade física e hábitos saudables quedaría provisionalmente (estando á espera da elaboración final e posterior publicación do propio documento) do seguinte xeito para a súa aplicación nas diferentes etapas:

- Ed. Infantil:
 - Os días que teñen Psicomotricidade (un en cada aula) poderían dedicalo, igualmente, á realización de actividade física e fomento de hábitos saudables segundo 2 liñas de actuacións (segundo o cadro adxunto), sempre e cando se continúe co plan lector de al menos 15 minutos diarios.

1. Fomento de actividade física	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar o xogo de tipo aeróbico como instrumento de activación, de descarga... 	<ul style="list-style-type: none"> • Bailes • Circuitos • Carreiras • Escalera braquial...
	<ul style="list-style-type: none"> • Traballar o control emocional, a relaxación, a concentración... a través do propio corpo e a respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ioga • Mindfulness • Relaxación • Xogos de equilibrio...
2. Fomento de hábitos saudables	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar e potenciar unha dieta saudable 	<ul style="list-style-type: none"> • Almorzo saudable • Coidado do horto escolar


- Os espazos dedicados ao fomento da actividade física e hábitos saudables serán as aulas, horto escolar, ximnasio de EI e patio cuberto (4º e 5º de EI) . As aulas de 6ºEI subirán a facer actividade física ao ximnasio de primaria segundo o horario establecido no patio de primaria, deste xeito non coincidirán.
- De existir incompatibilidade , no caso do recreo de 6º de EI con algún curso de primaria no uso do ximnasio os días de chuvía (de 11:40 a 12:10), terá prioridade 6º de EI no seu uso , mentres que os cursos de primaria que nesa franxa horaria realizan actividade física utilizarían outros espazos.

- Ed. Primaria:

- Os días de Ed. Física xa garantimos que o alumnado durante dous días vai facer exercicio físico.
- O profesorado dos diferentes grupos de primaria, nos outros tres días da semana realizarían as seguintes actividades segundo o ciclo educativo:
 - 1º ciclo:
 - Na aula exercicios de mindfulness e relaxación.
 - No ximnasio/patio de cole, xogos dirixidos.
 - Na aula o no xardín, baile e coidado do horto escolar.
 - 2º ciclo:
 - Na aula exercicios de mindfulness e relaxación.
 - No ximnasio/patio de cole, xogos dirixidos.
 - Na aula o no xardín, baile e coidado do horto escolar.
 - 3º ciclo:
 - Na aula exercicios de relaxación/baile.
 - No ximnasio/patio de cole, xogos dirixidos.
 - Na aula, programa de merenda saudable.

10. ORGANIZACIÓN DO CENTRO. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

10.1. ORGANIGRAMA



10.2. ÓRGANOS DE GOBERNO

Todos os membros da Comunidade Escolar teñen o dereito de participar no funcionamento do centro. Este dereito exercerase a través dos órganos de goberno, coordinación, dinamización e de representación do centro no seu ámbito de competencia. (Art. 119 da Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre).

10.2.1. Unipersonais.

Poderemos atopar a redacción do O Equipo directivo como órgano de goberno unipersonal, na modificación sesenta e nove da Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por a que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación cambia a redacción do Art. 131.

Os órganos unipersonais son:

- Dirección: As súas competencias están determinadas no Art. 27 do Decreto 374/1996, no artigo 132 da LOE e nas modificacións indicadas nas disposicións adicionais da LOMCE. Por último, as modificacións do artigo 132. segundo a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Xefatura de estudos: As súas competencias están determinadas no Art. 34 do

Decreto 374/1996.

- Secretaría: As súas competencias están determinadas no Art.35 do Decreto 374/1996.

10.2.2. Colegiados.

- Claustro de profesores.
 - No Art. 47 do Decreto 374/1996 e no Art. 128 da LOE, atoparemos cal é a súa composición.
 - No artigo 129 da LOE aparecen cales son as súas competencias.
- Consello Escolar.
 - A súa composición está determinada no Art. 37 Decreto 374/1996, polo que se aproba o regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (ROC), no artigos 126 da LOE.
 - Poderemos atopar unha nova redacción do seu Art. 127 nreferido as súas competencias na modificación sesenta e oito da Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo.

10.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

No título III do RD 96, reflíctense algúns dos órganos de coordinación docente que debe ter o noso centro.

Segundo o Art. 130 da LOE, e modificacións da Lei 3/2020, correspóndelle ás Administracións educativas regular o funcionamento dos órganos de coordinación docente e de orientación e potenciar os equipos do profesorado que impartan clase no mesmo curso, así como a colaboración e o traballo no equipo docente que imparta clase a un mesmo grupo de alumnos.

No centro existirán os seguintes:

- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Departamento de orientación,
- Equipos de coordinación docente. 2º Ciclo de infantil e Ciclos de Primaria.
- Equipo de actividades extraescolares e complementarias.
- Equipo de biblioteca
- Equipo de tecnoloxías da información e comunicación.
- Equipo de dinamización da lingua galega.

10.4. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS.

O punto 6. da Orden de 22 de xullo de 1997 establece que se poderán crear outras estruturas organizativas como medio para a mellora da calidade do ensino, a orientación escolar e o perfeccionamento do profesorado.

No TÍTULO I, CAPÍTULO III: OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS do noso NOF poderemos atopar cales son esas estruturas no noso centro:

- Equipos docentes de clase.
- Equipo de plurilingüismo.
- Equipos de nivel.

10.5. PERSOAL NON DOCENTE

- **Auxiliar de conversa. Lingua estranxeira, inglés.**

Contamos como centro Plurilingüe dunha Aux. de conversa durante o tempo que a Consellería establece cada ano co obxectivo de mellorar a competencia lingüística oral do alumnado na lingua estranxeira, axudando a desenvolver a metodoloxía CLIL no ensino, principalmente, da materia de música e educación plástica na lingua estranxeira.

- **Coidador/a.**

Todos os anos o centro, dende a dirección do centro, solicítase de xeito xustificado á Consellería de Educación, segundo as necesidades de atención ao alumnado, reflectidas no informe do Departamento de Orientación do centro o número mínimo de coidadores/as que o centro debe ter para unha boa atención alumnado.

- **Conserxe**

Dispoñemos dun conserxe que vive no centro e que traballa para o Concello. Desenvolve as súas funcións en horario de mañá de setembro a xuño e de mañá e tarde dende outubro a maio.

- **Auxiliar de Administración.**

Persoal dependente da Xunta de Galicia. Consellería de Educación. Realiza as tarefas que lle indican o Secretario e o Director do Centro. O seu horario corresponde ao horario escolar completado polas tardes segundo a lexislación vixente.

- **Limpeza e mantemento.**

A limpeza do colexio é responsabilidade do Concello que realiza dito servizo coa contratación dunha empresa especializada. O servizo contratado ten de xeito xeral as seguintes prestacións, segundo o prego de condicións contratadas

A empresa de mantemento e reparacións no centro así como a de mantemento de xardíns e espazos exteriores é tamén un servizo que presta o Concello a través da contratación dunha empresa especializada.

10.6. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN. ANPA

O Decreto 347/1996 recolle no título VI, artigo 105, o dereito que asiste ás familias de constituír asociacións de nais e pais de alumnos/as.

A ANPA é o órgano de representación do colectivo das familias que son parte da comunidade escolar. O centro porá a disposición das mesmas, espazos para as súas reunións e prestará a súa colaboración para o desenvolvemento de actividades

programadas polas mesmas de cara aos membros da comunidade educativa.

No centro existe unha ANPA denominada "ANPA San Cristobal" que colabora na realización das actividades extraescolares do centro, e xestión do servizo de madrugadores e comedor, así como nas complementarias que se lle solicitan.

Dispoñen no centro dun espazo persoal onde reunirse, atender ás familias e xestionar as súas actividades no horario que determinan ao inicio de cada curso académico.

Teléfono ANPA “San Cristobal”: 881 960 301
Web: http://anpasancristobal.blogspot.com
e-mail: www.anpasancristobal@gmail.com
Horario da ANPA: estará exposto na porta do local da ANPA

10.7. DOCUMENTOS DE PLANIFICACIÓN

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, fins e obxectivos recollidos neste proxecto educativo.

O principal documento de planificación da acción educativa é a concreción do currículo a través das Programacións Didácticas e as súas adaptacións curriculares se fora o caso.

Por outra banda temos outros documentos de referencia que nos identifican como centro e que son os recollidos no punto “12. Anexos- Documentos de referencia”.

10.8. OUTRAS FUNCIONS DOCENTES

O equipo directivo poderá asignar ao profesorado todas aquelas funcións que sexan necesarias para o bo funcionamento do centro e que están recollidas no TÍTULO III. CAPÍTULO I Funcións do profesorado. Art. 91, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación.

E por iso que, atendendo ás necesidades do alumnado o equipo directivo en colaboración co DO e o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Apoio e reforzo ao alumnado na propia aula ordinaria.
- Atención á diversidade, segundo necesidades.

Do mesmo xeito o Equipo Directivo, oído o Claustro, designará aos membros que compoñen os diferentes equipos de dinamización docente, que colaborarán de xeito estreito cos coordinadores/as dos diferentes equipos que se establezan na Programación Xeral Anual.

10.9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

No centro, baixo a xestión e coordinación da ANPA, e supervisión do Consello Escolar,

dispoñemos a través dunha empresa de catering dun servizo de madrugadores e comedor.

O alumnado de comedor con NEE dispón, de persoal específico de atención a dito alumnado segundo as posibilidades das que dota a Consellería ao centro en horario de 14:00 a 16:00 horas.

O alumnado que participa nas actividades extraescolares que se desenvolven en horario de 16:00 a 18:00 horas é atendido polos monitores/as das propias actividades.

Son servizos desenvoltos por unha empresa privada contratada por dita ANPA. Os horarios no que se desenvolven son os seguintes:

- Madrugadores (7:30 - 9:00h).
- Comedor Escolar (14:00 – 16:00h.).
- Actividades extraescolares: 16:00-18:00 h.

10.10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

No noso NOF, CAPÍTULO VII: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES poderemos atopar nos seus diferentes artigos todos os aspectos relevantes relacionados con este tipo de actividades.

Son as actividades que realizamos co alumnado en horario lectivo (9:00/14:00h) e que forman parte da programación. Diferéncianse polo momento, espazo e recursos a utilizar. Deberán figurar na programación xeral anual do centro (de modo concreto no caso de ser directamente organizadas polo profesorado, e a través de colaboración segundo a oferta de diferentes institucións ou fundación como pode ser o propio Concello), e se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

A asistencia a aquelas actividades complementarias que teñan lugar no horario lectivo e dentro do recinto escolar é obrigatoria. No caso de que supoñan un custo para o alumnado, teñen carácter voluntario.

Así mesmo, a ORDE que aproba o calendario escolar para cada curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos determina outras conmemoracións que o centro a través dos diferentes equipos de coordinación didáctica vai conmemorar en cada curso.

10.11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

No noso NOF, CAPÍTULO VII: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES poderemos atopar nos seus diferentes artigos todos os aspectos relevantes relacionados con este tipo de actividades.

Son as actividades que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., e figurando na programación xeral anual, desenvólvense fóra

do horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

10.12. ATENCIÓN SANITARIA NO CENTRO.

No Art. 136 Información sanitaria do alumnado e Art.137 Atención a alumnos/as accidentados ou indispostos do documento de centro “Normas de Organización do Centro” poderemos atopar o protocolo de actuación do alumnado accidentado no centro, sen esquecer que o seguro do que dispón o alumnado é o propio familiar.

10.13. CENTROS DE RECURSOS DO CENTRO.

Na Coruña, o colexio dispón dun Centro de Formación e Recursos da Consellería de Educación (CFR) para o profesorado.

En canto á asistencia social o centro pode contar coa colaboración de diferentes profesionais asociados a diferentes centros sociais da Coruña, segundo o domicilio do alumno, sendo o dos Mallos co que temos unha maior relación.

10.14. XESTIÓN ECONÓMICA.

A xestión económica do centro é xestionada pola Secretaría e Dirección do Centro coa supervisión da Comisión Económica.

Ao rematar o ano preséntase o xustificación de contas anual á Comisión Económica que revisa todas as facturas, e posteriormente ao Consello Escolar para a súa aprobación.

Entre o mes de marzo e abril preséntase un orzamento do ano en curso para a aprobación no Consello Escolar.

11. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PE

A revisión e actualización realizarase preferentemente, cada catro anos e, en todo caso, cando os cambios legislativos ou adaptativos así o aconsellen.

O procedemento de avaliación inclúe un inventario de oito indicadores. Dos resultados anotaranse todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto. A valoración realizarase ao inicio e á conclusión.

1. PE é un claro reflexo da identidade do centro
2. É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro
3. PE responde ás necesidades do entorno e do alumnado
4. PE é suficientemente coñecido pola comunidade educativa
5. PE responde ás intencións educativas actuais
6. documento do PE respecta a estrutura proposta pola lexislación vixente
7. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE
8. A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior

12. ANEXOS – DOCUMENTOS DE REFERENCIA

Este proxecto comezouse a elaborar no curso 2021/2022 por parte do Equipo Directivo coa colaboración do claustro do centro e familias, presentándose á consideración do Claustro de mestres/as e á aprobación do Consello Escolar no 1º trimestre do curso 2022//2023.

O PEC complementase, entre outros, cos seguintes documentos como anexos do propio PEC, todos eles poden consultarse na nosa web do centro

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/taxonomy/term/66>

- Programación Xeral Anual
- Plan de Acción Titorial
- Plan de Atención á Diversidade
- Normas de Organización e Funcionamento (NOF)
- Plan de Convivencia
- Plan de Igualdade
- Plan Dixital
- Programa de preparación para a ESO
- Plan de dinamización da biblioteca escolar
- Proxecto Lector de centro
- Proxecto Lingüístico de centro
- Plan de Autoprotección
- Plan de Acollida